

MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA DE APERTURA DO SOBRE “B” (PROPOSTA TÉCNICA) DE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS NON VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES

PRESIDENTE: D. José M. Blanco Suárez, presidente do Padroado (excusou a ausencia)

VOGAIS: D. Guillermo Sánchez Fojo, vicepresidente do Padroado
D. Manuel Guillermo Antón Villaamil, interventor accidental (excusou ausencia)
D. Jesús Janeiro Cazón, xerente do Padroado
D. Luciano Fernández Vicente, director técnico do Padroado

SECRETARIO: D. Anxo Franco Bañobre, secretario do Padroado

En Narón, sendo as 12 horas e corenta e cinco minutos do día 31 de xullo de 2014, na Sala de reunión da Alcaldía, na Casa do concello, reúnese a Mesa de Contratación en cumprimento do previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares, coa asistencia das persoas anteditas, para a contratación mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, para o servizo de **“Servizos complementarios no Padroado da Cultura do Concello de Narón”**. En ausencia do presidente, presidiu a mesa o vicepresidente do Padroado.

Á hora indicada procedeuse pola presidencia á apertura da sesión, dándose conta polo secretario de que todas as empresas presentadas ao concurso foran admitidas:

- SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L
- TEDAGA, S.L
- EULEN, S.A.

A continuación, e de conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público e a cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares, procedeuse á apertura pública do sobre “B” presentado por cada una das empresas citadas, contendo a proposta técnica coa documentación relativa a criterios non valorables en cifras ou porcentaxes.

A Mesa de contratación aprobou por unanimidade designar a D. Xosé Paulo Rodríguez Domínguez, Director do Teatro Rosalía Castro, do concello da Coruña, e presidente da Rede española de teatros, auditorios e circuitos de titularidade pública, como técnico independente encargado da emisión de informe sobre as proposicións contidas nos sobres “B”, contendo ao criterios que dependen dun xuízo de valor.

Examinada esta documentación presentada, a Mesa de Contratación acordou dar traslado para o seu estudo e a emisión de informe dos sobres "B" coa proposición técnica ao técnico designado anteriormente.

Seguidamente, o Sr. Presidente pregunta aos membros da Mesa se desexan realizar calquera pregunta, observación ou aclaración a realizar. Non se produciu intervención algunha ao respecto.

A presidencia informou aos membros da Mesa que a reunión para tratar o informe técnico solicitado sobre a proposición técnica dos sobres "B" y a apertura do sobre "C" coa proposta económica celebrárase o día 5 de agosto ás 10:30 horas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás doce horas e cincuenta e nove minutos da data indicada no encabezamento. Do desenvolvemento da mesma eu, como secretario, dou fe, en proba do cal.se estende a presente acta, que asino co visto e praxe do Sr. Presidente.

Vº e Praxe
O PRESIDENTE



O SECRETARIO

